
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2017**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 12:50 horas do luns día 23 de outubro de 2017 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2017
4. Asignación de bolsellos da Escola
5. Convocatoria e calendario de eleccións para cubrir unha vacante na Comisión Académica do Programa de Doutoramento da Escola
6. Queda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M ^a Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

ESTUDANTES

Álvarez Espiñeira	Kevin
Benavides Cabezas	Iván
Pazos Taboada	Damián
Vázquez Varela	Miguel Ángel

PERSONAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Cruz Viqueira	M ^a Pilar
---------------	----------------------

EXCUSA

Baldomir García	Aitor
-----------------	-------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

Detectouse un erro na lista de asistentes, faltaba a profesora Isabel Martínez Lage. Corríxese e apróbase a acta.

2. Informe do Director

O Director inicia o informe tratando os estudantes de novo ingreso, do que dispón de datos actualizados a día 20 de outubro. Nos graos, primeiro curso primeira matrícula, foron 28 novos ingresos no GTEC e 38 no GEOP. A isto engádense os estudantes que se cambian de titulación. No mestrado de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, faltan aínda os da adiantada, pero vai haber máis de 25 estudantes, aínda que o número exacto non se coñece. O que si está pechado é o programa de simultaneidade, había dez prazas e houbo 18 solicitudes, polo que se cubriron todas as prazas. Polo que respecta ao mestrado de Enxeñaría da Auga, hai 7 na UDC e hai tamén estudantes en Alemaña, pero aínda non se coñece o número exacto.

Respecto a titulados, no curso 16/17 houbo 162 titulados, 34 ECCP, 55 GEOP, 1 no Curso ponte, 42 TEC, 25 MECCP, 5 MEA e 6 MEAMA. Como se pode ver cada vez hai menos titulados de ECCP, e este será o último curso tralo que se extingue totalmente o plan.

Con respecto a persoal, non houbo novidades, o que houbo foi cambios polos concursos de traslados. No edificio de área científica, cada 3 meses ven unha persoa nova e unhas veces o substitúen e outras veces lle renovan á mesma. A conserxería de Camiños e Informática están apoiando o servizo nese centro.

Respecto a persoal docente, destaca a xubilación do profesor Casteleiro, que pasou a ter a figura de Catedrático Emérito de universidade. Vai a seguir utilizando o mesmo despacho e no futuro os profesores da área decidirán se hai algún cambio.

Respecto ás prazas a concurso, hai convocada unha de axudante doutor na área de Enxeñaría do Terreo, e outra na de Matemática Aplicada, que foron convocadas en setembro.

Toma a palabra o profesor Luis Pena para facer un resumo do programa Green Campus, explica que esta iniciativa busca facer un campus máis sostible. Como premio outorgase unha bandeira green campus. Xa se fixo a avaliación, e nas próximas datas coñecerase a decisión.

O profesor Diego Carro, Secretario Académico toma a palabra e expón os datos de estadía en prácticas do curso 2016/2017. Os proxectos formativos de estudantes que estiveron de prácticas foron 15 do Grao de Enxeñaría de Obras Públicas, 8 do Grao en Tecnoloxía da Enxeñaría Civil, 46 do Mestrado de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos un total te

mais 17 da antiga titulación de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos. Do total de 89 proxectos formativos, 54 foron propostos pola Escola a través do programa de prácticas (42 escollidos por criterios académicos e 12 foron de empresas que seleccionaron polo CV) e os outros 44 foron os estudantes que buscaron as prácticas pola súa conta. Hai algún estudante máis que fixo prácticas–sen datos exactos dispoñibles– que se contrataron polas empresas mediante bolsas FUAC, bolsas Santander e nalgún caso de contratos en prácticas.

Continúa o Director , expón que durante esta semana se van celebrar as xornadas de enxeñaría da auga, onde se esperan en torno a 200 participantes.

Explica tamén que a semana seguinte farase a inauguración da ampliación do CITEEC coa visita do presidente da Xunta e os conselleiros de industria e educación. Será o martes 31 de outubro ás 12:30.

Consulta o profesor Alfonso Orro sobre este tema, para saber se o acto é aberto; a resposta do Director é que a reitoría fixo as invitacións, pero que obviamente os profesores da Escola están invitados a asistir.

3. Execución do presuposto de 2017

O director presenta o documento de execución de presuposto con data 18 de outubro de 2017, en capítulo 2 hai de presuposto 72899,03 € e en capítulo 6 hai 39751,02 €. Vai detallando o gasto en cada unha das aplicacións e comenta sobre os remanentes neste momento.

4. Asignación de becarios da Escola

A proposta presentaa o profesor Luis Pena tendo en conta as preferencias dos estudantes e repartindo entre todos os laboratorios:

Apelidos e Nome	1ºC	2ºC
Sobreal Areán, Brais	Hidráulica	Camiños
Edreira Marzoa, Laura	Portos e Costas	Numérico
Quintela Vázquez, Juan Domingo	Topografía	Sanitaria

Apróbase

5. Convocatoria e calendario de eleccións para cubrir unha vacante na Comisión Académica do Programa de Doutoramento da Escola

O Secretario presenta unha proposta de eleccións coas súas datas correspondentes.

Debatese se habería que renovar a Comisión académica do doutoramento que está no VERIFICA do documento, xa que nese documento xa se recolle a composición desta comisión. O director propón facer a consulta e ver se é legalmente posible, e se o fose, renovaríase toda a comisión.

Apróbase

6. Quenda aberta de palabra

Intervén o profesor Alfonso Orro indicando que non se cumpriron as dúas reunións da Comisión Permanente no cuadrimestre anterior. Resposta o Director indicando que foi debido a que se convocaron varias Xuntas de Escola nese período pola elaboración do PDA da Escola.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 13:20 do 23 de outubro de 2017.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico